

Núm. 240/10

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

***Asunto:** Adxudicación provisional do contrato de "Subministro e instalación de herba artificial non Campo de fútbol municipal de Candán (Soutomaior)".*

ANTECEDENTES

1º) Por Resolución de Alcaldía de data 3 de xuño de 2010 aprobouse o expediente e os Pregos de Cláusulas Administrativas para a adxudicación do contrato de "Subministro e instalación de herba artificial non Campo de fútbol municipal de Candán (Soutomaior)", por procedemento aberto e tramitación urgente, así como se procedeu a autorizar o gasto do suministro referido.

2º) Presentaron proposicións as empresas "Mundo Ibérica, SA" e "Poligras Ibérica, SA" dentro do prazo establecido.

Celebrada a licitación para a contratación referida e examinada a proposta de adxudicación que fai a Mesa en favor de "Mundo Ibérica, SA", conforme ás actas levantadas ó efecto e de acordo con estas e de conformidade co establecido no artigo 135.3, e a Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, polo presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO. Declarar a validez da licitación efectuada.

SEGUNDO Adxudicar provisionalmente o contrato de "Subministro e instalación de herba artificial non Campo de fútbol municipal de Candán (Soutomaior)" á empresa "MONDO IBÉRICA, SA" polo prezo de 147.800 € mais a cantidade correspondente ó IVE, que ascende a 23.648,00 € por sela oferta máis ventaxosa. Todo elo con estricte suxeición ós Pregos de Cláusulas Administrativas é técnicas.

TERCEIRO. Notificarlle á adxudicataria e a outra licitadora a presente resolución e tal como establece o art. 135.4 da Lei de Contratos do Sector Público, requirirle para que no prazo dos dez días hábiles seguintes ao da data de publicación da adxudicación provisional no Perfil de Contratante, presente a documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, así como

que constitúa a garantía definitiva de 7.390 €, equivalente ó 5% do importe de adxudicación.

CUARTO. Esta adxudicación provisional elevarase, si é o caso, a definitiva unha vez transcorridos 10 días hábiles a partir do día seguinte a aquel no se publique a adxudicación no perfil do contratante.

Soutomaior, 13 de xullo de 2010

O ALCALDE,

Ante mín, A SECRETARIA,